

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 10 DE XUÑO DE 2013.

| | |
|--|--|
| Asistentes: Alcalde-Presidente: D. José Demetrio Salgueiro Rapa Vocais: D ^a Ana María Abad López D ^a M ^a Dolores Meitín Guerreiro D ^a Cristina Iglesias Guerreiro Secretario: D. Luís M ^a Fernández del Olmo Interventora: D ^a Elena Santos Rey | Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezoito horas e trinta minutos do día dez de xuño de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo e da Interventora D ^a Elena Santos Rey, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria. Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión. |
|--|--|

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 9 de maio de 2013.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior de 9 de maio de 2013.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA.

B.1) SOLICITUDE DE D. IVAN FERNÁNDEZ CANDIA PARA LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE LOCAL PARA USO COMO CAFÉ CONCIERTO EN BELTRÁN S/N.-LAGO.-XOVE. -

Visto o expediente tramitado a instancia de D. Iván Fernández Candia, con domicilio en c/ Nicolás Cora Montenegro, 16 3º C (27850 Viveiro) que solicita a regulamentaria licenza para abrir ó público un establecemento que haberá de dedicarse a Café Concierto sito en Beltrán s/n.-Lago.-Xove.

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal que sinala o seguinte:

- Da inspección realizada por este técnico, así como pola documentación aportada suscrita polo enxeñeiro industrial Eduardo Gómez Ramos, colexiado nº 1689, no que se xustifica o cumprimento das diferentes normativas, púidose constatar que o local e as instalacións cuia apertura se solicita, atópase executado na súa totalidade, e adaptase á vixente Normativa urbanística, e co habilitación correspondente deste local en planta baixa para o uso arriba expresado, de local para café concerto.
- Este local e instalacións cumpren coas Normativas correspondentes, así como co vixente DB-SI de protección contra o lume e asemade as obrigadas condicións de Seguridade, tal como certifica o técnico autor do proxecto e director das obras, acompañándose asimesmo planos do estado definitivo do local, así como certificación de aislamiento acústico,(informe 146/2103) da empresa Isanor acústica podándose polo tanto outorgar a correspondente licenza de apertura para este local ben entendido que a actividade do local e as características do mesmo se deberá adaptar en todo momento a licenza que se concede.

Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito á licenza que se pretende obter. No uso das facultades conferidas pola Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, de 2 de abril de 1985 e Texto Refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local aprobado por R. D. Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, en consonancia coa correspondente Ordenanza fiscal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria acorda conceder a licenza que se solicita, así como aproba-las taxas que figuran no expediente, que deberá ser

ingresada previamente nas arcas municipais, sen este requisito a licenza non surtirá efecto ningún.

B.2) SOLICITUDE DE D. JOSÉ MANUEL FERNANDEZ COCIÑA RELATIVO A SUSTITUCIÓN DE CUBERTA DE VIVENDA UNIFAMILIAR.- (PROXECTO DE EXECUCIÓN).

Vista solicitude formulada por D. José Manuel Fernández Cociña con D.N.I nº: 33.705.983X con domicilio en Poceiras Nº 15.-Sumoas.-Xove para realización de obras de en substitución de cuberta en vivenda sita en Poceiras Nº 15.-Sumoas.-Xove. Polígono 11.- Parcela 146.- Ref.Catastral:27025A011001460000JH.-

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, e con proxecto técnico redactado pola arquitecto Susana Pérez Pereiras, colexiada mnº 2546, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo de Núcleo Rural Tradicional, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de xullo de 2012. Burgo de Sumoas.
- O inmovible cúa cuberta se pretende substituír, está referenciado co nº 33 dentro do catálogo de elementos a protexer ou recuperar do P.X.O.M , polo que as obras a permitir serían as de restauración total ou parcial, conservación, consolidación e rehabilitación, debendo manter as fachadas, e asemade os seus elementos estruturais, adaptándose as obras ao previsto no Título VI.-Normas de Protección do Patrimonio Cultural da Normativa municipal de Xove.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- As obras que se pretenden, no que á súa construción se refire e aos materiais a empregar, adaptaranse en todo ao previsto nos artigos 33 e 34 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, e no que ás condicións de edificación se refire, poderase edificar de acordo co previsto no artigo 44.2, desta Lei.
- Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado correspondente a memoria urbanística, así como no plano de situación U-1, xustifícase o cumprimento da Normativa do P.X.O.M e da LOUGA para a edificación na que se pretende substituír a súa cuberta.
- As obras que se pretenden, polo súa condición de obras de reparación, nin supoñerán aumento de volume nin afectarán a elementos estruturais da edificación agás os elementos sustentantes da cuberta.
- Respetarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no Artigo 29 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.
- A cuberta deberá ser de lousa de pizarra.
- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa constructora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.
- Previo ao inicio das obras solicítase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o seu estado orixinario , e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, así como a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.
- Habida conta o especificado nos apartados anteriores, calquera intervención que afecte a un ben catalogado ou a súa “área de protección”, necesitará o informe

preceptivo e vinculante da Consellería de Cultura e Deporte, conforme ao establecido nos artigos 37,52 e 54 da Lei 8/95 de Patrimonio Cultural de Galicia.

- A Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego de Lugo, na súa xuntanza do día 31 de maio de 2013, reunida en sesión ordinaria, respecto da citada solicitude, acordou informar favorablemente o expediente 17612.2, para o “modificado e substitución de cuberta en vivenda unifamiliar ubicada no lugar de Poceiras nº 15 da parroquia de Sumoas” e cuio promotor é D. José Manuel Fernández Cociña.
- As obras que se pretende adaptaranse as condicións emitidas no informe emitido pola Comisión referida a derradeira documentación remitida polo promotor das obras, na data 31 de maio, na que se describe que non se executará zuncho algún, realizándose o resto das obras de acordo co previsto no proxecto.
- Unha vez retirada a cuberta actual, procederase á colocación de novas vigas de eucalipto laminado sobre muros de pedra perimetrais, os pontóns apoiaranse sobre elas e sobre estes instalaranse paneis tipo sándwich, lámina impermeabilizante e rematarase con lousa tipo rumbeiro.
- Colocaranse canalóns en cinc segundo a memoria e de cobre segundo planos.
- A vista do anterior, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 42.975,67 € salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 859,51 €.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.3) SOLICITUDE DE D. ANTONIO MARTÍNEZ ROUCO RELATIVO A AMPLIACIÓN DE ALPENDRE EN VILAR - (LAGO)

Vista solicitude formulada por D. Antonio Martínez Rouco con D.N.I nº: 76.530.985 A con domicilio en C/Tomás Mariño Pardo, 8 4º D (27870 Xove) para realización de obras de ampliación de alpendre en Vilar, 1 (278789 Lago-Xove). Polígono 30.-Parcela 1. Referencia Catastral: 27025A030000010000JW.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas.

2º) Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se acompaña, subscrita polo interesado, así como o correspondente plano de localización coa situación do terreo, e a fotocopia da Normativa en vigor no Concello de Xove, P.X.O.M, (Plan Xeral de Ordenación urbana aprobado definitivamente ó 12 de xuño de 2012 e publicado no B.O.P do 14 de xullo de 2012) do Concello de Xove), na área na que se encrava a parcela e a edificación, cuia ampliación se pretende levar a cabo, a mesma atópase ubicada, dentro da área delimitada como: Sección IV.- *Solo Rústico de Protección de Augas*.

Artigo 366.- ámbito de aplicación

- De conformidade co disposto no Art. 32º.2.d) LOUG, o solo rústico de protección de augas, está constituído polos terreos situados fora dos núcleos rurais e do solo urbano, definidos na lexislación reguladora das augas continentais como cauces naturais, ribeiras e marxeas das correntes de auga e, como leito o fondo das lagoas e

embalses, terreos inundados e zonas húmidas e as súas zonas de servidume. Así mesmo, incluíranse nesta categoría de solo as zonas de protección que a tal efecto delimitan os instrumentos de planeamento urbanístico e de ordenación do territorio que se extenderán, como mínimo, á zona de policía definida pola lexislación de augas, salvo nas zonas que o presente PXOM xustifica a súa redución. Tamén terán dita consideración os terreos situados fora dos núcleos rurais e do solo urbano, con risco de inundación, e aqueles baixo os cales existan augas subterráneas que deban ser protexidas.

Artigo 367.- definicións e conceptos

A efectos de protección das augas e das súas zonas de servidume, serán de aplicación ás mesmas os seguintes conceptos:

Cauce Natural.- Entendese por cauce natural dunha corrente continua o discontinua, ou terreo cuberto polas augas nas máximas crecidas ordinarias (Art. 4 da LA).

Ribeiras.- Son as franxas laterais dos cauces públicos situados por enriba do nivel de augas baixas.

Marxes.- Denomínanse así os terreos que lindan cos cauces.

dominio privado. Son de dominio privado os cauces polos que ocasionalmente discurran augas pluviais en tanto atravesen dende a súa orixe, unicamente fincas de dominio particular.

O dominio privado de estos cauces non autorizan para realizar neles labores nin construír obras que poidan facer variar o curso natural das augas en perxuício do interese público ou de terceiros, ou que a destrución pola forza das avenidas poida ocasionar danos a persoas ou cousas (Art. 5 da LA).

Artigo 368.- condicións de uso

O solo rústico de protección de augas, ademais das autorizacións que, no seu caso, deban ser otorgadas polo organismo correspondente e das especificacións contidas na LA, estará suxeito, de conformidade co establecido no Art. 38º LOUG, ao seguinte réxime de usos:

Usos permitidos por licenza municipal directa

a) actividades e usos non construtivos

a)-1 Accións sobre o solo ou o subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragados, defensa de ríos e rectificación de canles, abancalamientos, desmontes, recheos e outras análogas.

a)-2 Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.

a)-3 Actividades científicas, escolares e divulgativas.

b) actividades e usos construtivos.

b)-1 Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, infraestrutura hidráulica e as redes de transporte, distribución e evacuación de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga, saneamento, sempre que non implique a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren e as edificacións non superen os 50m² edificadas .

b)-2 Muros de contención, así como peches ou valados de fincas coas características establecidas no Artigo 337 desta Normativa, excepto na zona de servidume, de acordo co regulado no Art. 7.3 do RD 849/1986.

2. usos autorizables pola comunidade autónoma

a) actividades e usos construtivos.

a)-1 Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo no medio rural e que sexan potenciadoras do medio onde se sitúen.

a)-2 Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.

a)-3 Actividades e construcións vencelladas directamente coa conservación, utilización, aproveitamento e gozo do dominio público e do medio natural e os que poidan establecerse a través dos instrumentos previstos na lexislación de ordenación do territorio sempre que non

leven a transformación da súa natureza rústica e quede garantida a integridade dos valores obxecto de protección.

a)-4 Tamén poderán autorizarse as construcións e instalacións necesarias para actividades de talasoterapia, augas termais, sistemas de tratamento ou depuración de augas, asteleiros e instalacións imprescindibles necesarias para a implantación de aparcadoiros abertos ao uso público, a práctica de deportes náuticos e para a implantación de paseos fluviais, ase como para actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalacións imprescindibles para o uso de que se trate.

b) outros usos e actividades autorizables

b)-1 Actividades vinculadas directamente coa conservación, utilización e disfrute do dominio público e do medio natural e os que poidan establecerse a través dos instrumentos previstos na lexislación de ordenación do territorio, sempre que non impliquen a transformación da súa natureza rústica e quede garantizada a integridade dos valores obxecto de protección.

b)-2 Construcións e instalacións necesarias para as actividades de talasoterapia, augas termais, sistemas de depuración de augas, astilleiros e instalacións mínimas necesarias para a práctica dos deportes náuticos.

3. usos prohibidos: Tódolos demáis.

artigo 369.- condicións das edificacións

As edificacións que puideran autorizarse por aplicación das condicións establecidas nesta Sección, cumprirán as condicións establecidas no ARTIGO 334 al ARTIGO 336 desta Normativa, así como as condicións adicionais que fosen de aplicación establecidas no artigo 340 e artigo 341 desta Normativa, así como as condicións adicionais que fosen de aplicación establecidas nas normas de protección.

Artigo 370.- patrimonio cultural

Nos elementos catalogados e as súas zonas de protección comprendidos no ámbito de solo rústico de protección augas, serán tamén de aplicación as Normas De Protección Do Patrimonio Cultural contidas nesta normativa.

Por parte da Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no seu departamento de Augas de Galicia, con data 03 de abril de 2013 informou favorablemete o expediente de “Autorización para obras de ampliación dun alpendre na parcela nº 1 do polígono 30, na zona de policía do rego Gifón, no lugar de Vilar, da parroquia de Lago, no concello de Xove(Lugo)” con nº clave DH.W27.40857.

As condicións xerais da edificación adaptaranse ao previsto no artigo 42 e 44 da L.O.U.G.A, no referente as condicións xerais das edificacións no solo rústico, así como as condicións adicionais para outras actividades construtivas non residenciais.

A vista da solicitude presentada, deberanse ter en conta as seguintes consideracións:

- A área municipal afectada por estes traballos, de dependencia municipal, executaranse no que a obra civil se refire, de acordo cos pertinentes prescricións dos servizos técnicos municipais.
- Durante a execución dos traballos tomaranse as pertinentes medidas de seguridade vial, coa zona de traballo, perfectamente sinalizada e protexida.
- Dispoñerase do correspondente seguro de responsabilidade civil para execución destas obras.
- Unha vez executados na súa totalidade estes traballos, a área municipal afectada, quedará en perfecto estado de conservación e uso.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 600,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 12,00€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 2 meses e 1 ano para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

C.) CONTAS E FACTURAS

C.1) INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES Ó MES DE MAIO DE 2013.

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das indemnizacións por razón de servizo da Alcaldía, correspondentes ó mes de maio de 2013 por importe de 342,36 €.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA A EMPRESARIA AUTÓNOMA.

Vistos os expedientes incoados ó efecto, e a documentación achegada pola solicitante, referida ó exercicio de 2012 por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axudas concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e polas contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

| <i>Nome do autónomo</i> | <i>Actividade</i> | <i>Períodos</i> | <i>Contía</i> |
|--|-------------------|----------------------|---------------|
| Marta María Cazón Nieto Urb. Palmeiro, 35 5º A (27879 Rigueira) | Panadería | Agosto-decembro 2012 | 625,85€ |

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.2) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA A EMPRESARIA AUTÓNOMA.

Vistos os expedientes incoados ó efecto, e a documentación achegada pola solicitante, referida ó exercicio de 2012 por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axudas concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e polas contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

| <i>Nome do autónomo</i> | <i>Actividade</i> | <i>Períodos</i> | <i>Contía</i> |
|---|-------------------|----------------------|---------------|
| Silvia Aguirre Rodríguez Urb. Palmeiro, 35 5º A (27879 Rigueira) | Panadería | Agosto-decembro 2012 | 625,85€ |

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.3) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2012, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

| <i>Nome do perceptor</i> | <i>Contratación subvencionada</i> | <i>Período</i> | <i>Contía</i> |
|--------------------------|-----------------------------------|----------------|---------------|
|--------------------------|-----------------------------------|----------------|---------------|

| | | | |
|--|---|------|-----------|
| MARAL S.C. C/ Dr. Baamonde Illade, 14 (27870 Xove) | Mª Lina Pena Eijo Urb. Palmeiro, 34 2º C (27879 Rigueira) | 2012 | 1.192,96€ |
|--|---|------|-----------|

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.4) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2012, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

| <i>Nome do perceptor</i> | <i>Contratación subvencionada</i> | <i>Períodos</i> | <i>Contía</i> |
|---|---|--------------------------|---------------|
| Mesón A Roda Avda. Diputación, 65 (27870 Xove) | Mª Luisa García Pardo Avda. Diputación, 34 1º D (27870 Xove) | Xaneiro-marzo de 2012 | 300,51€ |

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.5) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2012, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

| <i>Nome do perceptor</i> | <i>Contratación subvencionada</i> | <i>Períodos</i> | <i>Contía</i> |
|--|---|-----------------|---------------|
| Panadería Xove S.L.U. A Vara, 3 (27877 Xuances) | Mª José Maseda Salgueiro Acc. Grupo Escolar, 5 1º (27870 Xove) | Xuñ-dec 2012 | 769,14 € |

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.6) EXPEDIENTE PRORROGADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2013 DE SUBVENCIÓN A MARAL S.C. PARA Mª LINA PENA EIJO.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo empresario e para a traballadora, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó amparo do Plan de Emprego para o ano 2013 e de conformidade coas bases reguladoras, para o empresario e coa traballadora que se relaciona seguidamente:

| <i>Empresa</i> | <i>Enderezo</i> | <i>Traballador/a</i> | <i>Enderezo</i> |
|----------------|--|----------------------|---|
| Maral S.C. | C/ Dr. Baamonde Illade, 14 (27870 Xove) | Mª Lina Pena Eijo | Urb. Palmeiro, 34 2º C (27870 Xove) |

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 11 de xaneiro de 2007.

3º) A notificación á empresa e á traballadora, os efectos oportunos.

D.7) AXUDA DE GANDERÍA A “A MARIÑA S.C.”

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según

as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A “A Mariña S.C.” con C.I.F. nº J27391556 , con domicilio en Beltrán, 3 (27878 Lago) por morte de un xato de 1 día de idade por importe de 120,00€.

D.8) AXUDA DE GANDERÍA A “ A MARIÑA S.C.”

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A “A Mariña S.C.” con C.I.F. nº J27391556 , con domicilio en Beltrán, 3 (27878 Lago) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.9) AXUDA DE GANDERÍA A SUSO E PALMA S.C.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Suso e Palma S.C. con C.I.F. J27362821 , con domicilio en Ferrol, 1 (27879 Rigueira) por morte de un xato ó nacer (parto de xemelos), por importe de 120,00€.

D.10) AXUDA DE GANDERÍA A SUSO E PALMA S.C.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Suso e Palma S.C. con C.I.F. J27362821, con domicilio en Ferrol, 1 (27879 Rigueira) por morte de un xato ó nacer (parto de xemelos), por importe de 120,00€.

D.11) AXUDA DE GANDERÍA A SUSO E PALMA S.C.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Suso e Palma S.C. con C.I.F. J27362821, con domicilio en Ferrol, 1 (27879 Rigueira) por morte de unha xata de 9 meses de idade, por importe de 400,00€.

D.12) AXUDA DE GANDERÍA A D^a MARIA LOURDES DOMINGUEZ BERMUDEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a María Lourdes Domínguez Bermúdez con D.N.I. nº 33.302.107-Q, con domicilio en Cabandela, 34 (27878 Sumoas) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.13) AXUDA DE GANDERÍA A D^a ANGELICA GONZÁLEZ RODRIGUEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Angelica González Rodríguez con D.N.I. nº 76.557.678-Q , con domicilio en Labradela, 7 (27879 Rigueira) por morte de un xato por importe de 400,00€.

D.14) AXUDA DE GANDERÍA A D^a MARÍA JOSEFA COUSO GARCÍA .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según

as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a M^a Josefa Couso García con D.N.I. nº 10.792.753-A, con domicilio en Loureiro, 2 (27879 Monte) por morte de un xato ó nacer por importe de 120,00€.

D.15) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN AO CENTRO SOCIAL DE MONTE DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D. Jesús Pérez Pedre con D.N.I. nº 33.857.175-W, con domicilio en Penasagudas, 1 (27879 Monte) na que manifesta que transcorridos seis meses de exercicio da actividade (**dende o 23-10-2012 ó 22-4-2013**), iniciada a partir del 21/10/2002, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, de conformidade co acordo de 28 de decembro de 1999, a tenor do cal se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 3.005,00€, e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.502,50€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederase no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.16) CONCESIÓN DE PREMIOS DO CONCURSO LITERARIO E DE ARTES PLÁSTICAS DAS LETRAS GALEGAS 2013.

Visto informe-proposta redactado polo Técnico Municipal de Cultura, consonte ó establecido na base sétima das que regulan os premios do concurso literario e de artes plásticas das Letras Galegas 2013; a Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) A concesión dos premios reflectidos no informe-proposta do Técnico Municipal de Cultura que a seguir se transcribe, así como o importe dos premios, previstos nas Bases aprobadas con data 4/6/2013, debidamente xustificadas.

Traballos premiados no C.E.I.P. “Pedro Caselles Rollán”

Educación Infantil : 5 anos

Artes Plásticas:

- 1º Premio : Iago Rivas Balsa (46) 35,88 €
- 2º Premio : Daniel Bertolo Casabella (29) 35,88 €

2º Educación Primaria

Artes Plásticas:

- 1º Premio : Alejandro Parapar Fernández (34) 35,88 €

3º Educación Primaria

Artes Plásticas:

- 1º Premio : Joel González Rodríguez (28) 35,88 €
- 2º Premio : Luis Rouco Basanta (19) 35,88 €

4º Educación Primaria

Artes Plásticas:

- 1º Premio : Rocío Fernández Silva (63) 35,88 €

Concurso Literario:

- 1º Premio : Candela Fernández López (2) 35,88 €
- 2º Premio : Gabriela Dayán Seara (54) 35,88 €

5º Educación Primaria

Artes Plásticas:

- 1º Premio : Lucía Sánchez Corbelle (1) 35,88 €
- 2º Premio : Claudia Vázquez Sánchez (3) 35,88 €
- 3º Premio : Sabela Rodríguez Lage (15) 35,88 €

Concurso Literario:

- 1º Premio : Lucía Sánchez Corbelle (8) 35,88 €
- 2º Premio : Claudia Vázquez Sánchez (4) 35,88 €
- 3º Premio : Sabela Rodríguez Lage (16) 35,88 €

6º Educación Primaria

Concurso Literario:

- 1º Premio : Adrián Rouco Basanta (21) 35,88 €
- 2º Premio : Xoel Eijo Díaz (9) 35,88 €
- 3º Premio : David Paleo Díaz (27) 35,88 €

Artes Plásticas:

- 1º Premio : Nerea Rivas Balsa (31) 35,89 € / Noel Quelle Martínez (61) 35,86 €
- 2º Premio : Noel Quelle Martínez (59) 35,85 € / Laura Cuadrado López (56) 35,89 €
- 3º Premio : David Paleo Díaz (25) 35,89 € / Adrián Rouco Basanta (20) 35,89 €

Traballos Premiados no IES “Illa de Sarón”

1º E.S.O.

Concurso Literario:

- 1º Premio : Isabel Carvalho Machado (64) 35,87 €

Artes Plásticas

- 1º Premio : Isabel Carvalho Machado (18) 35,87 €
- 2º Premio : Juan Manuel Ferro Santos (7) 35,84 €

2º E.S.O.

Artes Plásticas:

- 1º Premio : Mari Luz Abad Vázquez (6) 35,79 €

3º E.S.O.

Concurso Literario:

- 1º Premio : Moisés Folgueiras Rodríguez (47) 35,79 €

Artes Plásticas:

- 1º Premio : Alba Rodríguez Lage (73) 34,94 €
- 2º Premio : Laura Iglesias Mariño (5) 34,94 €

4º E.S.O.

Concurso Literario:

- 1º Premio : Javiera Duarte Araya (48) 34,94 €
- 2º Premio : Salomé Cardoso Rodríguez (40) 35,87 €

Artes Plásticas:

- 1º Premio : Salomé Cardoso Rodríguez(39) 35,87 €
- 2º Premio : José Matias Duarte Araya(72) 34,94 €

D.17) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.-LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA A CLICK INFORMÁTICA.

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2011, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

| Nome do perceptor | Contratación subvencionada | Períodos | Contía |
|-------------------|----------------------------|----------|--------|
|-------------------|----------------------------|----------|--------|

| | | | |
|---|--|------------------|----------|
| Click Informática Javier Arca Uría Avda. Diputación, 25 baixo. (27870 Xove) | Celia Uría Seijas Urb. Palmeiro, 34 4º B (27879 Rigueira –Xove) | Xaneiro-Nov 2011 | 550,92 € |
|---|--|------------------|----------|

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.18) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA A BELEN VALE LÓPEZ.

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2012, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

| Nome do perceptor | Contratación subvencionada | Períodos | Contía |
|---|--|--------------------------|------------|
| Belén Vale López Asesoría Fiscal-contable Avda. Ferrol, 1 entrep. E (27837 Viveiro) | Sandra Louzao Salgueiro Pereiraboa, 52 (27879 Xuances-Xove) | Xaneiro-novembro de 2012 | 1.101,83 € |

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.19) EXPEDIENTE PRORROGADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2013 DE SUBVENCIÓN A CLICK INFORMÁTICA.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo empresario e para a traballadora, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó amparo do Plan de Emprego para o ano 2013 e de conformidade coas bases que o regulan como prórroga para o empresario e coa traballadora que se relaciona seguidamente:

| Empresa | Enderezo | Traballador/a | Enderezo |
|---------------------------------------|---|-------------------|--|
| Click Informática Javier Arca Uría | Avda. Diputación, 25 baixo. (27870 Xove) | Celia Uría Seijas | Urb. Palmeiro, 34 4º B (27879 Rigueira –Xove) |

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 11 de xaneiro de 2007.

3º) A notificación á empresa e á traballadora, os efectos oportunos.

D.20) EXPEDIENTE PRORROGADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2013 DE SUBVENCIÓN A BELEN VALE LÓPEZ.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada pola empresaria e para a traballadora, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó amparo do Plan de Emprego para o ano 2013 e de conformidade coas bases que o regulan como prórroga para a empresaria e co traballadora que se relaciona seguidamente:

| Empresa | Enderezo | Traballador/a | Enderezo |
|--|--|-------------------------|--|
| Belén Vale López Asesoría Fiscal-contable | Avda. Ferrol, 1 entrep. E (27837 Viveiro) | Sandra Louzao Salgueiro | Pereiraboa, 52 (27879 Xuances-Xove) |

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 11 de xaneiro de 2007.

3º) A notificación á empresa e á traballadora, os efectos oportunos.

D.21) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2012, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

| Nome do perceptor | Contratación subvencionada | Períodos | Contía |
|--|---|-----------------|---------------|
| <i>Mariño Guerreiro S.L.</i> (Carnicería) R/ Irmáns Vilar Ponte, 25 (27850 Viveiro) | <i>Demetrio Louzao Rego</i> Avda. Diputación, 35 2º (27870 Xove) | Xuñ-dec. 2012 | 569,42€ |

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.22) AXUDA DE GANDERÍA A D. EMILIO VÁZQUEZ LÓPEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Emilio Vázquez López con D.N.I. nº 76.564.029-L, con domicilio en Gondar, 8 (27879 Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.23) AXUDA DE GANDERÍA A D. ANTONIO BASANTA RIVEIRA.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Antonio Basanta Riveira con D.N.I. nº 76.545.661-M, con domicilio en Portocelo, 8 (27877 Portocelo) por morte de unha xata de 2 meses, por importe de 200,00€.

D.24) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA A ESTABLECEMENTOS REY.

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2012, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

| Nome do perceptor | Contratación subvencionada | Períodos | Contía |
|--|--|-----------------------|---------------|
| Establecementos Rey Avda. Diputación, 88 (27870 Xove) | Jacobo Fernández Casabella Veiga, 41 (27879 Rigueira) | Xaneiro-abril 2012 | 375,84€ |
| | Rubén Pico Rey Avda. Diputación, 25 1º C (27870 Xove) | | |

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.25) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2012, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

| Nome do perceptor | Contratación subvencionada | Períodos | Contía |
|--|--|--------------------|----------|
| Oscar Rodriguez Joyeros S.L. Avda. Cervantes, 5-7 (27850 Viveiro) | Gema Pozo Bellón Urb. Palmeiro, 39 3º A (27879 Rigueira-Xove) | Xaneiro-Xull. 2012 | 674,50 € |

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.26) EXPEDIENTE PRORROGADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2013 DE SUBVENCIÓN A MARIÑALIM S.L.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo empresario e para a traballadora, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó amparo do Plan de Emprego para o ano 2013 e de conformidade coas bases que o regulan como prórroga para o empresario e coa traballadora que se relaciona seguidamente:

| Empresa | Enderezo | Traballador/a | Enderezo |
|----------------|--|---------------------------------|--|
| MariñaLim S.L. | A Parrella, 11 2ºD 27850 Covas -Viveiro | María del Mar Paleo Martinez | Acc. Apeadero, 20 3º A (27870 Xove) |

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 11 de xaneiro de 2007.

3º) A notificación á empresa e á traballadora, os efectos oportunos.

D.27) EXPEDIENTE PRORROGADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2013 DE SUBVENCIÓN A DOLORES HERMIDA PERNAS.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo empresario e para o traballador, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó amparo do Plan de Emprego para o ano 2013 e de conformidade coas bases que o regulan como prórroga para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

| Empresa | Enderezo | Traballador/a | Enderezo |
|------------------------|--|---------------------------|---|
| Dolores Hermida Pernas | Avda. Arcadio Pardiñas, 77 baixo (27870 Xove) | Mª Begoña Quelle Barro | Avda. Diputación, 34 2º A.- (27870 Xove) |

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 23 de xaneiro de 2012.

3º) A notificación á empresa e á traballadora, os efectos oportunos.

D.28) PRORROGA DE AUTÓNOMA NO PLAN DE EMPREGO PARA MARÍA IRÍA GONZÁLEZ VEIRA (ANO 2013).

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada pola autónoma, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de prórroga no Plan de Emprego para o ano 2013 como autónoma, e de conformidade coas bases que o regulan como prórroga da según o seguinte:

| Nome do autónomo | Actividade | Enderezo |
|---------------------------|----------------------|-----------------------------------|
| María Iria González Veira | Servizos financeiros | Avda. Diputación, 89 (27870 Xove) |

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 11 de xaneiro de 2007.

3º) A notificación á autónoma, os efectos oportunos.

D.29) SOLICITUDE DE D. VICTOR FERNANDEZ LOSADA DE SEGREGACION DE FINCA SITA EN LUGAR DE “CAINZOS” EN SUMOAS.

Dada conta do escrito presentado por D. Víctor Fernández Losada con D.N.I. nº 33.992.783-W e con domicilio en c/ Aduana, 38 1º (27890 San Ciprian-Cervo) no que solicita segregación de 885,59 m2 de parcela sita no Lugar de “Cainzos” na parroquia de Sumoas segundo o deseño que se xunta e sito na *Parcela nº 79 del polígono nº 25.-*

Ref. catastral:27025A0250000JW

Visto o informe emitido polo Arquitecto Técnico no que se sinala que :

“1º.-La parcela cuya segregación se solicita, de acuerdo con la documentación que se aporta, suscrita por la arquitecto técnico Dona Aroa Mayo Rodríguez, con nº de colegiado 562, se encuentra enclavadas de acuerdo con el vigente planeamiento urbanístico del Ayuntamiento de Xove , Plan Xeral de Ordenación Municipal,(aprobado definitivamente el 12 de junio de 2012, y publicado en el B.O.P de 14 de julio de 2012), en tres zonas claramente diferenciadas:

- *Suelo no Urbanizable de Núcleo Rural Tradicional*
- *Suelo Rustico de Protección de Augas, y parte en Suelo Rustico de Protección Forestal artigo 32.2.d y 32.2.b de la LOUGA.*

2º.-De acuerdo con la documentación aportada, y referida a la actual Normativa en vigor, se puede segregar la parte de parcela que se encuentra ubicada dentro del área delimitada como Suelo De Núcleo Rural Tradicional, quedando claramente definida la parcela en dos áreas, una parte que se segrega como Núcleo rural tradicional, y el resto de la parcela matriz, como suelo Rústico de Protección de Augas y Rústico de Protección Forestal.

Se deberá hacer constar el compromiso expreso de no edificar la parte del lote resultante que se encuentre afectado por la normativa de Suelo Rústico de Protección de augas y Protección Forestal.

Esta condición de inedificabilidad del terreno se deberá hacer constar expresamente en el registro de la propiedad y en todos los actos de transmisión de propiedad.

3º.-De acuerdo con la documentación gráfica correspondiente a los planos 2 y 3 del informe presentado, las superficies de las parcelas quedan una vez realizada la segregación que se pretende como sigue:

- *Finca matriz.....3.627,25M/2.-*
- *Suelo de Núcleo Rural Tradicional.....885,59M/2.-*
- *Suelo rústico de protección de augas y forestal..... 2.741,66M/2.-*

Se informa favorablemente la segregación que se solicita, en las condiciones establecidas en el presente informe en sus apartados 2 y 3, cumpliéndose lo previsto en el artículo 286 do P.X.O.M., con una parcela mínima de 600 metros y un frente mínimo de de 10 metros para una parcela ubicada dentro del área delimitada como Suelo de Núcleo Rural Tradicional.”

Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de segregación interesada, nos termos recollidos na documentación que consta no expediente.

2º) Dar traslado ó solicitante, do presente acordo así como fotocopia de toda a documentación, os efectos procedentes.

D.30) SOLICITUDE DE D. VICTOR FERNANDEZ LOSADA DE SEGREGACION DE FINCA SITA EN LUGAR DE “CAINZOS” EN SUMOAS.

Dada conta do escrito presentado por D. Víctor Fernández Losada con D.N.I. nº 33.992.783-W e con domicilio en c/ Aduana, 38 1º (27890 San Ciprian-Cervo) no que solicita segregación de parcela sita no Lugar de “Caínzos” na parroquia de Sumoas segundo o deseño que se xunta e *Referencia catastral:27025A025820000JW Ref. catastral:27025A025820001KE.- Parcela nº 82 del polígono nº 25.*

Visto o informe emitido polo Arquitecto Técnico no que se sinala que :

- *Situación:Lugar de “Cainzos” en la, parroquia de Sumoas.*

- Parcela nº 82 del polígono nº 25.
- Ref. catastral:27025A025820000JW.
- Ref. catastral:27025A025820001K.

1º.-La parcela cuya segregación se solicita, de acuerdo con la documentación que se aporta, suscrita por la arquitecto técnico Dona Aroa Mayo Rodríguez, con nº de colegiado 562, se encuentra enclavadas de acuerdo con el vigente planeamiento urbanístico del Ayuntamiento de Xove , Plan Xeral de Ordenación Municipal,(aprobado definitivamente el 12 de junio de 2012, y publicado en el B.O.P de 14 de julio de 2012), en el burgo de Cainzos dentro del área delimitada como: **suelo no urbanizable de nucleo rural tradicional.**

2º.-De acuerdo con la documentación gráfica correspondiente a los planos 2 y 3 del informe presentado, las superficies de las parcelas quedan una vez realizada la segregación que se pretende como sigue:

- FINCA MATRIZ..... 3.923,90m/2.-

Segregación:

- Parcela A con edificación.....785,83m/2.-
- Parcela B con edificación.....934,00m/2.-
- Parcela C..... 717,36m/2.-
- Parcela D..... 691,51m/2.-
- Parcela E..... 791,20m/2.-

Se informa favorablemente la segregación que se solicita, en las condiciones establecidas en el presente informe en sus apartados 2 y 3, cumpliéndose lo previsto en el artículo 286 do P.X.O.M., con una parcela mínima de 600 metros y un frente mínimo de de 10 metros para una parcela ubicada dentro del área delimitada como suelo de nucleo rural tradicional.

Las parcelas A y B que disponen en la actualidad de edificación, no serían edificables con una nueva vivienda unifamiliar, exceptuándose con la demolición de la existente, o bien rehabilitándole, pero bien entendido que solo puede existir una vivienda por parcela, pudiéndose construir edificaciones auxiliares que cumplirán lo previsto en el artículo 158.2 de la normativa del P.X.O.M.

Las edificaciones auxiliares computarán edificabilidad en todos los casos y podrá adosarse a la edificación principal, siempre que no desvirtúe la propia edificación.

Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

- 1º) Conceder a licenza de segregación interesada, nos termos recollidos na documentación que consta no expediente.
- 2º) Dar traslado ó solicitante, do presente acordo así como fotocopia de toda a documentación, os efectos procedentes.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as dezaoito horas e cincuenta minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.